

Informe final 2013-2014



Plan de Acción Titorial

Facultade de Dereito(Ourense)

Presentación

O informe final do PAT é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo.

A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre:

- Os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto).
- A idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial xa que proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Enténdese, polo tanto, que a avaliación ten un carácter formativo xa que, ademais de avaliar produtos, avalía o proceso permitindo introducir melloras de forma continua e contribuír finalmente á mellora da calidade e da excelencia da educación. De acordo a isto establécese o seguinte tipo de avaliación: Avaliación procesual, formativa e criterial.

Neste documento se presenta a valoración global das accións realizadas. Se analiza o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora que deberían incorporarse ao plan do curso seguinte.

Cumprimento da planificación e seguimento do PAT

BLOQUE 1: Accións de organización e Acollida

Actividade 1. Sesión de Organización do PAT: Na Xunta de Facultade do 31 de Outubro do 2013 aprobouse o Plan de Acción Tutorial para o curso académico 2013-2014.

Actividade 2. Sesión Informativa e de presentación (setembro-outubro): Dos nove profesores participantes no Plan de Acción Tutorial no curso 2013-2014, só se ten constancia do desenvolvemento de ditas sesións para sete profesores. Na maioría dos casos non asistiu todo o alumnado convocado.

BLOQUE 2: Apoio e Seguimento

Non se ten constancia da realización de actividades de asesoramento e seguimento por parte do profesorado titor. Estas actividades desenrolasen só si as solicita o alumnado.

BLOQUE 3: Avaliación e Análise de Resultados:

Neste curso académico non se solicitou a cumprimentación dun cuestionario de satisfacción os alumnos e titores.

Melloras a introducir para o curso 2014-2015

- Instar o profesorado titor a manter, a lo menos, unha reunión de seguimento ó longo do curso e unha reunión de final de curso
- Solicitar o profesorado titor e o alumnado a cumprimentación dun cuestionario de avaliación do grao de satisfacción